



## RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN RELATIVA O USO DO LOGOTIPO “RAZA AUTÓCTONA” AO AMPARO DO REAL DECRETO 505/2013

### ANTECEDENTES

A Asociación de Criadores de Raza bovina Vianesa (Vianega) con CIF G 32253601, e enderezo social en Pazo de Fontefiz, 32152, Coles - Ourense, presentou o 25 de novembro de 2015 ante a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, para a súa aprobación, o “Prego de condicións para a utilización do logotipo “Raza Autóctona” para os produtos da raza “Vianesa” de acordo co Real Decreto 505/2013, de 28 de xuño.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

O Real Decreto 505/2013, de 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo “Raza Autóctona” nos produtos de orixe animal, establece que o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente cederá o uso do logotipo “raza autóctona” as asociacións de criadores de animais de razas autóctonas. Estas asociacións elaborarán un prego de condicións para o uso de dito logotipo e deberán presentalo para a súa aprobación ante a autoridade competente.

O artigo 2 do RD 505/2013, establece que a autoridade competente son os órganos competentes da comunidades autónomas. De acordo co establecido no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, a competencia para ditar esta resolución corresponde a directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, en consecuencia:

### RESOLVO

Aprobar o prego de condicións presentado pola **Asociación de Criadores da Raza bovina Vianesa (Vianega)** autorizando o uso do logotipo “Raza Autóctona” para os produtos da especie de gando bovino autóctono da raza Vianesa, de acordo co establecido no art. 3 do RD 505/2013, de 28 de xuño.

A asociación deberá de cumprir as obrigas que se recollen no Real Decreto 505/2013, de 28 do xuño e mais concretamente as detalladas no seu artigo 6.

Contra a presente resolución que non pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural, no prazo DUN MES contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2015

A directora xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias



Belén M<sup>a</sup> do Campo Piñeiro